


Documento distribuído por
 culturagalega.org

“Follas murchas” .

Poema de Francisca Herrera Garrido publicado en 1927

Fonte: *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala*,
nº 239 (25 de xullo de 1927), p. 6



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / xenero@consellodacultura.org

FOLLAS MURCHAS

*Moitos cantar vos cantaron,
ouh, folliñas revellidas!
e moitos que vos cantaron,
ahofé non vos querían,
porque sodes agoirentas
de doenzas e inverñas.*

*A min, mal non me fixéchedes,
acaloñadas, folliñas!*

*A min naide me leváchedes:
cand' a miña nai morría
érades gromo intanxente;
violas e Margaridas
de marzo, a coronizaron...
¡Violas, suas frores queridas!
co-ela entraron na Groria,
envoltas na alma, bendita,
que tivo todo o seu xeito;
pra lle dar a despedida,
pra leva-la hirmán xemea
cabo de Deus!; mais, folliñas...
sin'eso... ¡Non sei que tedes,
así arringadas da vida!
¡Así, no chan, estrozadas!
¡Así, do vento caulivas!*

*Nin sei por qué os teño pérda...
¡Ou se son de pérda diña!
se rexís a vida própea
- ¡ista coitada vidiña! -
e como relós, falades
da morte en qu' o sino xira;
se serei eu quen na gavía
con vos voltexa e sospira,
e s'arrepía antr'as pedras
e baixo o delor estrízase...
¡Hastra que as veas estalan
e son fume tras de cinza!
Onde queira que os atopo,
dos meus ollares cinguidas,
hay de min a vos, un layo,
de vos a min unha liña!
a corres que ata os delores,
dend'un mundo hastra outro mundo.
¡Dend' as almas hastra as frores!*

FRANCISCA HERRERA E GARRIDO

Santa María de Oleiros.

A O B R A

UNHA das milliores maneiras de festexar o *Día de Galicia* - que é día, mais que de satisfaciós e realidades, de espranzas e degoros - coido eu que sería facer un balance dos froitos espirituaes conqueridos durante o ano. Non é este, de certo, o tempo mais axeitado pra colleitar ideas. Deus cega ós que quere perder, e o mundo anda volvéndose cego. Pero detrás de tempos, tempos veñen.

De todo-los xeitos o que en Galicia tén unha vibración e acusa un vigor, espiritoal dou de sí canto é posibre dar n-este paréntesis de plebeias inquedanzas. As nosas letras - que é o campo mais doado pr'as eispresións de vitalidade ideal - tiveron un xurdio froitecemento, se non extensivo, en calidade. O Dieste - unha das milliores pennas do noso rexurdimento in-

telectual - publicou *A fiesta valdeira*, que pode compararse co millor libro, no seu xénero, esquirto en castelán no que vai de ano. Ahí está *A rosa de cen follas*, de Cabanillas; *Ardencias*, de Lugo Freire; *Proel*, de Amado Carballo. Axiña sairá do prelo *Oraciós campesiñas*, de Eladio Rodríguez González, o poeta por quen non pasan os anos, tal é a sua plenitú de xuventude.

Cinco libros - e catro d'eles de versos, que queren decir que o paxaro canta inda que a ponte s'esgace - en poucos meses. Un solo libro basta moitas veces para salvar un pobo do estigma da ineficiente esterilidade.

ROBERTO BLANCO TORRES
Vigo